



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial de Ourense para a realización do Premio Otero Pedrayo 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, porque se trata dun premio de carácter único cuxo outorgamento



se efectúa rotatoriamente polas catro Deputacións Provinciais, correspondéndolle nesta ocasión á Deputación Provincial de Ourense.

Por todo o anterior, a Deputación de Ourense é a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades con estas especiais características, as únicas que se van a desenvolver na nosa Comunidade Autónoma

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

